

VI CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO  
“XOGO, LITERATURA ORAL E MÚSICA”  
Santiago, 13 e 14 de novembro de 2015

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

1. O patrimonio lúdico, como elemento constituínte de pleno dereito do patrimonio cultural, tórnase imprescindible para a cohesión do grupo social en cuestión, precisamente porque contribúe de xeito decisivo á construción da identidade colectiva, así como á pervivencia do propio grupo.
2. O termo *Cultura* engloba, sen dúbida, un todo do que o xogo tradicional forma parte indisoluble. Os trazos configuradores da cultura non poden analizarse sen contemplar o xogo, por unha parte, e a interrelación deste coas outras manifestacións culturais, por outra.
3. O xogo en xeral, e o xogo tradicional en particular, confórmanse como unha actividade humana fundamental para o desenvolvemento integral da persoa, e non unicamente nos primeiros anos da vida desta. Se o ser humano deixar de xogar, deixa tamén de ser tal, perdendo a súa esencia.
4. Doutra maneira, non deixamos de xogar porque envellecemos, senón que envellecemos porque deixamos de xogar.
5. Desde esta perspectiva, o xogo aparece tamén como un elemento que, indubidablemente, debe contribuír á conservación da diversidade cultural, entendendo esta como unha elemental fonte de tolerancia.
6. Aparece tamén o xogo como a manifestación cultural fundamental para a transmisión da propia cultura, por un lado, e para a adaptación da mesma a novos contextos, por outra.
7. Desde a óptica educativa, o patrimonio lúdico tórnase como unha ferramenta esencial e de enorme produtividade pedagóxica. Talvez por primeira vez en Galicia, no Curso foron identificadas virtualidades educativas do xogo tradicional que apenas estaban bosquexadas ata o momento.
8. Os xogos tradicionais deben ser transmitidos aos nenos e nenas do futuro, precisamente por non estar enfrontados a ningún tipo de manifestación lúdica moderna –coa que poden e deben coexistir–, e por fornecer ás camadas novas da poboación de mecanismos para se integraren nun espazo e nun tempo concretos.
9. A cultura popular ten gañado, de pleno dereito, un papel na escola do futuro, pois suma –antes que resta– se é integrada e interiorizada polas novas camadas da poboación. E isto, sen pechar as portas a novas formas culturais derivadas da existencia dun mundo globalizado.